

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A COORDINADORA GALEGA DE ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS PARA O DESENVOLVEMENTO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DAS CAPACIDADES DA COORDINADORA GALEGA DE ONGD PARA REPRESENTAR E FORTALECER ÁS ONGD GALEGAS, CON ESPECIAL ÉNFASE NAS MAIS PEQUENAS”**

(1) A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais e de especialización a educación para o desenvolvemento e o fortalecemento institucional dos axentes.

Que unha das prioridades da Cooperación Galega establecidas na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, é a formación, o fortalecemento e a capacitación dos axentes de cooperación e da cidadanía en xeral..

Que a citada Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, alude na súa exposición de motivos á Coordinadora Galega de Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento como interlocutor permanente da Administración autonómica, xunto co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Así mesmo, no seu artigo 99.2 reafirma este papel atribuíndo ás organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento e as organizacións que as representan, como a Coordinadora Galega de Organizacións Non-Gobernamentais para o Desenvolvemento, o rol de interlocutores permanentes dos órganos e das entidades do sector público autonómico en materia de cooperación para o desenvolvemento.



O V Plan Director da Cooperación Galega, en proceso de aprobación, reconece á Coordinadora Galega de ONGD como un dos actores e axentes de cooperación relevantes para o diálogo de políticas e o fortalecemento do sistema galego de cooperación.

**(2) Antecedentes:**

A Xunta de Galicia vén colaborando dende 1997 coa Coordinadora no ámbito da sensibilización e fortalecemento institucional a través da sinatura dos correspondentes convenios.

O importe das subvencións concedidas pola Xunta á Coordinadora Galega de ONGD en materia de cooperación para o desenvolvemento, nos ámbitos de sensibilización e fortalecemento, foi a seguinte:

<b>ANO</b>	<b>IMPORTE SUBVENCIÓN XUNTA</b>
2004	29.982,00 €
2005	106.350,00 €
2006	70.585,00 €
2007	85.717,26 €
2008-2009 (convenio plurianual)	180.000,00 €
2010	90.000,00 €
2011	90.000,00 €
2012	90.000,00 €
2013	60.000,00 €
2014	90.000,00 €
2015	90.000,00 €
2016	90.000,00 €
2017	90.000,00 €
2018	90.000,00 €
2019	90.000,00 €
2020	100.000,00
2021	100.000,00
2022	100.000,00

**(3) Finalidade** Co fin de dar continuidade ás actuacións de educación para o desenvolvemento previstas e ao fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGDS



como órgano de representación lexítimo deste sector, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023. Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas desde o mes de xaneiro de 2023, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

(4) O convenio ten por obxecto contribuír a mellorar o sector galego de cooperación ao desenvolvemento mediante o fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGD. Isto farase a través de diferentes actividades tales como a mellora das capacidades técnicas e procesos internos da Coordinadora, a realización de diferentes actividades de formación e a mellora da transparencia o bo goberno e o cumprimento do código de conduta nas ONGD socias e da Coordinadora así como actividades encamiñadas a mellorar a visibilidade da cooperación galega para o desenvolvemento e a comunicación externa das ONGD.

(5) A singularidade deste proxecto que ven determinada polas accións de fortalecemento da propia Coordinadora, en canto organización representativa, aglutinadora e fortalecedora das ONGD que representa, que colabora coa administración pública atendendo aos citados principios de eficacia e sinerxía prestando asistencia e participando nos órganos de asesoramento e en comisións técnicas asesoras, así como apoiando, informando e asesorando aos axentes da cooperación e pola utilidade que a posta en marcha deste proxecto significa para a cooperación. Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a



especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 100.000 € (cen mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 06.07.331A.481.1.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

